

aprobado, caso en que se dará traslado do expediente e da folla de valoración individual ao xurado de expropiación, coa advertencia de que, transcorrido o dito prazo sen que se formule oposición, entenderase aceptada a valoración que figura no expediente, de conformidade co disposto no artigo 143 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística de Galicia.

Terceiro.-Publicar este acordo no *Diario Oficial de Galicia*, no BOP e no taboleiro de edictos do concello, o que servirá de notificación aos interesados descoñecidos e a aqueles dos que se ignore o lugar de notificación ou aos que, intentada a notificación non se puidese practicar, de conformidade co artigo 59 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cuarto.-Notificar este acordo ao fiscal xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para os efectos do establecido no artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, en relación cos interesados descoñecidos e os que non compareceron no expediente.

Rubiá, 12 de maio de 2009.

Elías Rodríguez Núñez  
Alcalde

## CONCELLO DE SANDIÁS

*Edicto.*

Carlos Barge Domínguez solicitou desta alcaldía a licenza de obra e actividade para a construción dunha granxa avícola na parcela nº 1427, polígono 502, na paraxe das Cavadiñas (Sandiás). Para cumprir o disposto no artigo 8.3º do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental, ábrese un trámite de información pública polo período de 20 días, mediante anuncio no BOP de Ourense, no *Diario Oficial de Galicia* e no taboleiro de edictos do concello, co fin de que durante ese tempo, poida examinarse o expediente na secretaría municipal, todos os interesados que se consideren afectados pola actividade que se pretende instalar poidan formular por escrito as reclamacións ou observacións que achen oportunas.

Sandiás, 14 de maio de 2009.

Mª Concepción Méndez Gándara  
Alcaldesa

## CONCELLO DE VILALBA

*Edicto.*

Juan José García Lozano, DNI 36110059-J, solicitou desta alcaldía licenza municipal para a apertura

da actividade de taller de fabricación e montaxe de maquinaria, que se situará na parcela 30 C do polígono industrial Setepontes; cumprindo o disposto no artigo 8, punto 3, do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de 20 días (contados a partir da última publicación deste edicto no *Diario Oficial de Galicia* e no BOP), coa finalidade de que durante este poidan examinar o expediente, na secretaría deste concello, as persoas que dalgunha maneira se consideren afectadas polas actividades que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións e observacións que se consideren oportunas.

Vilalba, 21 de maio de 2009.

Gerardo Criado Guizán  
Alcalde

## e) OUTROS ANUNCIOS

### FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO

*Anuncio do 20 de maio de 2009 polo que se fan públicos, para os efectos do artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, os convenios de colaboración asinados no primeiro cuadrimestre do ano 2009.*

Asinantes coa <i>Fundación Deporte Galego</i>	Obxecto do convenio	Data da sinatura	Importe comprometido
Federación Galega de Halterofilia	Cesión da instalación da sala de pesas do parque exterior de Acea da Ma e da sala de pesas do pavillón do Monte Alto para desenvolvementos de traballos de tecnificación	15-1-2009	Sen custo económico
Delegación Provincial da Coruña da Consellería do Medio Rural	Cesión da instalación do polideportivo de Monte Alto para a realización de probas de persoal laboral	16-3-2009	Sen custo económico
Federación Galega de Ximnasia	Cesión da instalación do pavillón de Agra II para a organización dos campionatos galegos de ximnasia artística	18-3-2009	Sen custo económico
Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial	Colaboración con motivo da organización do IX Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia	8-4-2009	80.000 €
Federación Galega de Bolos	Colaboración con motivo da participación da Selección Galega de Bolo Celta no IV Torneo Internacional Río Platense	8-4-2009	20.000 €
Organismo Autónomo Instituto Municipal de Deportes de Pontevedra	Cesión da instalación Centro Deportivo de Pontillón de Castro para o campionato Galego BTT Maratón	14-4-2009	Sen custo económico
Federación Galega de Triatlón	Colaboración con motivo da Copa de Europa Premium de Triatlón en Pontevedra	17-4-2009	90.000 €

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2009.

José Ramón Lete Lasa  
Vicepresidente Executivo da *Fundación Deporte Galego*